



**MATRÍCULA PROBAS DE CLASIFICACIÓN**

**PRAZO DO 12 DE XULLO AO 6 DE SETEMBRO**

Vexa [aquí](#) a información xeral sobre as probas

Vexa [aquí](#) as datas das probas

Vexa [aquí](#) o procedemento e prazo de matrícula

**MOI IMPORTANTE: UNHA VEZ TEÑA O RESULTADO DA PROBA,  
TEN QUE PREINSCRIBIRSE NO CURSO ASIGNADO  
ANTES DO 14 DE SETEMBRO  
PODE ACCEDER Á APLICACIÓN DE PREINSCRICIÓN [AQUÍ](#)**

## INFORMACIÓN XERAL

► Para aquelas persoas que posúen coñecementos do idioma pero non poden acreditarlos mediante título ou certificación recoñecida. Determinan o curso no que resulte máis axeitada a súa incorporación. Poden realizalas aquelas persoas que desexen acceder por primeira vez ás ensinanzas de idiomas na modalidade presencial.

► Tamén poden realizalas as persoas que cursaron con anterioridade estudos do idioma e que non se matricularon en réxime oficial nin a distancia nos dous cursos anteriores ao que desexen acceder. Este alumnado deberá ter en conta que se o resultado da proba lle dá acceso a un curso que xa superou nese idioma non poderá cursalo de novo, polo que o resultado da proba non terá efecto.

► Os aspirantes deben ter 16 anos ou cumprilos antes do 31 de decembro de 2021 se se queren matricular na 1ª lingua cursada no ensino secundario obrigatorio, pero pódense tamén matricular con 14 anos naqueles idiomas que non cursasen como 1ª lingua estranxeira no ensino secundario obrigatorio.

► Unha vez publicados os resultados das probas de clasificación, o alumnado que as realizara deberá **solicitar a preinscrición** no curso e nivel ao que obtivo acceso. Se desexa optar a unha praza no primeiro curso do nivel básico, no caso de que non obteña o acceso a un superior, terá que realizar tamén a preinscrición para este nivel no idioma correspondente.

► A incorporación ao curso que determine o resultado da proba estará suxeita á dispoñibilidade de prazas. Esta incorporación non dará dereito en ningún caso á certificación dos cursos e niveis inferiores.

► O resultado das probas de clasificación ten unha vixencia de dous cursos académicos para os efectos de preinscrición e formalización da matrícula oficial nas escolas oficiais de idiomas de Galicia.

► As probas de clasificación realizaranse na sede central da EOI de Ourense e nas súas seccións de Celanova, O Barco, O Carballiño, Ribadavia e Verín.

**DATAS DAS PROBAS DE CLASIFICACIÓN SETEMBRO 2021****PROBAS DE CLASIFICACIÓN ALEMÁN**

PARTE	DIA	HORA	AULAS
Parte escrita	8 de setembro	18.00	24,26
Parte oral		Despois da escrita	

**PROBAS DE CLASIFICACIÓN CHINÉS**

PARTE	DIA	HORA	AULA
Parte escrita	7 de setembro	10.00	22
Parte oral		Despois da escrita	

**PROBAS DE CLASIFICACIÓN ESPAÑOL**

PARTE	DIA	HORA	AULA
Parte escrita	7 de setembro	16.00	1
Parte oral		Despois da parte escrita	

**PROBAS DE CLASIFICACIÓN FRANCÉS  
SEDE OURENSE E SECCIÓN O BARCO DE VALDEORRAS**

PARTE	DIA	HORA	AULA
Parte escrita	8 de setembro	16.00	7-9
Parte oral		Despois da parte escrita	
NA SECCIÓN DE O BARCO DE VALDEORRAS, AULA 16			

**PROBAS DE CLASIFICACIÓN GALEGO**

PARTE	DIA	HORA	AULA
Parte escrita	8 de setembro	10.00	14
Parte oral		Despois da parte escrita	

## PROBAS DE CLASIFICACIÓN INGLÉS SEDE OURENSE E SECCIÓNS

PARTE	DIA	HORA	AULA
Parte escrita	9 de setembro	16.00	Ver convocatoria
Parte oral		Despois da parte escrita	
NA SECCIÓN DE CELANOVA, AULA EO/ 2			
NA SECCIÓN DE O BARCO DE VALDEORRAS, AULA 14			
NA SECCIÓN DE O CARBALLIÑO, AULA DE IDIOMAS			
NA SECCIÓN DE RIBADAVIA, AULA 1			
NA SECCIÓN DE VERÍN, AULA 14			

## PROBAS DE CLASIFICACIÓN ITALIANO

PARTE	DIA	HORA	AULA
Parte escrita	7 de setembro	12.00	4
Parte oral		Despois da escrita	

## PROBAS DE CLASIFICACIÓN PORTUGUÉS

PARTE	DIA	HORA	AULA
Parte escrita	8 de setembro	12.00	10
Parte oral		Despois da escrita	

## MATRÍCULA

Para formalizar a matrícula hai que enviar a seguinte documentación ao enderezo [eoι.ourense.matricula@edu.xunta.gal](mailto:eoι.ourense.matricula@edu.xunta.gal) **NO PRAZO DO 12 DE XULLO AO 6 DE SETEMBRO**

1. Impreso de inscrición debidamente cuberto. Descárgueo [aquí](#).
2. Fotocopia do DNI.
3. Resgardo do aboamento das taxas e xustificante de exención ou redución se é o caso. Consulte o procedemento para aboar as taxas [aquí](#).
4. No caso dos menores de 16 anos, documentación que acredite a primeira lingua estranxeira cursada no ensino secundario obrigatorio no presente curso escolar.

**ENVÍE A DOCUMENTACIÓN EN ANEXO, NON NO CORPO DA MENSAXE.  
UNHA VEZ TEÑA O RESULTADO, NON ESQUEZA PREINSCRIBIRSE NO CURSO  
ASIGNADO ANTES DO 14 DE SETEMBRO**  
[ENLACE Á PREINSCRICIÓN](#)

### TAXAS PROBA DE CLASIFICACIÓN

Decreto 89/2013 do 13 de xuño (DOG 17-06-2013)

Matrícula ordinaria	17€
Familia numerosa de categoría xeral	8,50 €
Familia numerosa de categoría especial Persoas con minusvalía igual ou superior ó 33% Vítimas de actos terroristas Vítimas de violencia de xénero	0 €
Funcionariado docente (só en materias de nova matriculación)	0 €